



ANO XXXII • Nº 864 - Do 29 de outubro ao 11 de novembro de 2012

**En Sitio Distinto,  
a crise castiga a  
quen non goberna**

# A foto que fala



Foto do 21-O, o que pasa é que non é a cola para un colexio electoral, agardan a que abra a cociña económica [vía Twiter].

## O trasno A listaxe de Falciani

Daniel López Muñoz



Grazas a unha persoa que supostamente infrinxe a lei, os Estados de Francia, España e Italia, conseguen detectar a una mancha de defraudadores fiscais.

Non é un caso calquera senón toda una revelación diso que se berra con sobrada razón no movementos 15-M: fixéron que o impresentable perecese imprescindible .

A historia é tal que así: Hervé Falciani traballaba de informático no banco suízo HSBC, unha poderosa e sombriza institución que ten especial

atracción por capitais e diñeiros negros dos cinco continentes. Alí fíxose cunha listaxe de clientes entre os que, non por casualidade, abundaban os casos de fraude fiscal. E esas listaxes entregoullas ás autoridades tributarias francesas, que fixeron bo uso delas. O tal Falciani acabou un bo día, detido en España. E Suíza solicitou a extradición.

A impoluta democracia Suíza está edificada sobre un fraude fiscal masivo, non dos seus cidadáns, senón dos capitais que gardan os seus bancos. O segredo bancario que financia esa *societate perfecta* convértea de feito nun refuxio para evasores fiscais, ditadores sanguinarios, traficantes e espoliadores de toda caste. O segredo bancario de Suíza é un escándalo que oculta demasiados crimes e demasiadas insolidariedades. Por iso ese segredo sufriu moitas críticas e pouco a pouco vai sendo “recortado”, pero cunha irritante lentitude, máis aínda agora, cando os recortes afofan as clases populares europeas.

Grazas a Falciani, Francia puido identificar a 3000 defraudadores fiscais, e

non precisamente de pouca monta. Grazas a Falciani os xuíces do caso Gürtel puideron seguir a pista de certos capitais froito da corrupción política da rede. Grazas a esas listaxes, a Fiscalía de Roma iniciou unha investigación de famosas figuras da arte e o deseño.

O caso pon enriba da mesa un vello debate entre a lei inxusta e a ética. O entramado legal deste capitalismo globalizado é implacable cuns, pero tremendamente protector dos de sempre.

Falciani está agora na prisión de Valdemoro e as autoridades españolas deben decidir se o extraditan a Suíza. E o goberno de Rajoy debe estar feito un enguedello, porque se despois de favorecer unha amnistía aos defraudadores, castiga un colaborador activo na loita contra a fraude, vai converter a este informático nun novo heroe e mártir das loitas na rúa. Más lle valera deixalo escapar pola porta de atrás de Valdemoro e poñelo de asesor clandestino, baixo segredo de estado, na Axencia Tributaria.

### Finalmente o descontento foi menor có medo

Feijoo volve obter una maioría absoluta catro anos despois, mellorando os seus últimos resultados. Faino en circunstancias difíciles, asumindo todo o risco, nunha aposta persoal.

Neste tempo de especial crueza para un gobernante, soubo marcar o seu estilo, co impagable apoio da enorme maquinaria electoral do PP e duns medios debidamente subvencionados. Ademais, e isto foi relevante, soubo xogar de maneira hábil coas fraquezas dos seus adversarios. Os debates televisivos foron ben reveladores desas diferenzas, o que resultou especialmente rechamante no caso do socialista

Vázquez. A vitoria de Feijoo debe facer pensar aos seus adversarios no país real e nas súas propias carencias e desenfoces. Hai factores, como aquí apuntamos, que xogaron a favor de Feijoo. Pero o seu mellor aliado foi a debilidade dunha alternativa crible e viable. Isto é tan certo, como que esa vitoria rotunda do PP se produce a pesar de que perde máis de 130.000 votos en comparanza con eleccións anteriores.

Finalmente o descontento foi menor có medo. Nin as medidas de recorte, nin as políticas submisas aos ditados de Merkel e Rajoy, nin a diminución de servizos, nin as listas de agarda, nin tampouco a incapacidade de impoñer medidas fiscais para que paguen máis os que teñen máis, nin, madría leva, o afogamento da cultura e lingua propias, ... nada diso foi decisivo. Todo por xunto pesou menos có temor ao descoñecido. Temor, quizais a un tripartito, a un tirón de orellas dos poderes centrais, aos “comunistas”, a quen sabe que. Tal foi o comportamento dun electorado envellecido e “pensionado,” e moi afeito a ver a gaivota sobrevoar o go-



Continúa na páxina 6

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



Andaba eu pola rúa o outro día cando unha muller se plantou diante de min e me preguntou:

- Acórdaste de min?

Fixen memoria rápida. Acordábame dela, non do seu nome. Díxenlle:

-Si, ti es de Vagalume. Non recordo o teu nome pero si que me acordo de ti.

- Eu son Gloria.

Vagalume é un centro que hai en Santiago, de atención á muller vinculada á prostitución. Alí fixera eu, durante a carreira, voluntariado, e tamén a miña PSS. Botamos un pouco a falar, no medio da rúa, da xente de alí e lembrando bos momentos. Foi entón cando Gloria me contou que os seus dous fillos estaban moi ben colocados. O maior era fontaneiro nunha boa empresa e a pequena era mestra con oposición. Ela coidaba unha señora maior e facía algunha quenda de coidadora no hospital. Díxome que era feliz, moi feliz, e que todos os días lle daba as grazas a Deus por ter

coñecido a Nati, que era a relixiosa oblata que daquela levaba o Centro Vagalume.

Hai anos léralle a Martín Descalzo que unha pequena maneira de amar era contarlle á xente cousas boas que alguén dixo deles. Por iso tardei pouco en chamar a Nati e dicirlllo. Agora está nun asilo para relixiosas. Supoño que dende a súa merecidísima xubilación se sentiu moi feliz. Dende o descanso sentiu que pagou a pena. Quen salva unha vida, salva o mundo enteiro.

1



3



2



4



## A peneira

1

A Asociación de Custodia do Territorio convidounos polo Día das Aves a escoitar "As catro estacións" de Vivaldi con "matices aviares". Foi coa Banda Xuvenil, na Casa das Ínsuas de Rábade, a carón do Miño, un enclave para coñecer o medio. Para todo o ano, e na casa, aconsellamos o libro-disco **AS CATRO ESTACIÓNS** (Kalandraka) de Xosé Abad.

2

**ANGOLA** celebra o 11 a Independencia (1975) con máis alento ca Portugal. Superada a guerra civil que se alongou ata o 2002, ábrese a fenda da corrupción apoiada polo estado que funde na miseria a poboación mentres medran algúns investindo en Portugal, grazas ao petróleo e os diamantes. Calundungo é o representante da ONG Oxfam que cumpre 70 anos.

3

Malala Yousafzai, 14 anos, loitadora polo dereito das **NENAS** a estudar en Paquistán. Os talibáns quixeron eliminala. 75 millóns non van á escola e 100 millóns son obrigadas a traballar. Cada minuto 19 son forzadas a casarse. Segundo os técnicos, un curso de secundaria incrementa un 20% dos ingresos, xa adulta, porque vai dedicar o 90% á familia.

4

Marco, o Museo de Arte de Vigo celebra 10 anos, os mesmos có **PRESTIGE**, ao que lle dedica a exposición "A balea negra", sobre desfeitas ambientais. 14.000 (de 40.000) dos barcos que pasan pola nosa costa transportan mercadorías peligrosas. Aquel, con 77.000 toneladas de fuel fica agora afundido a 150 Km. En decembro fanse 25 do Casón.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Os **CEMITERIOS** cumpren anos: 200 San Amaro da Coruña, acougo de Pondal, Curros, Murguía... En Lugo fai 125 os veciños custearon a campa de Ramón García Abad, "apóstolo de Galicia", pero quen non cumpre anos no seu idioma son moit@s galegos soterrados nunha lingua allea. Varios colectivos están a denunciar este desleixo.

6

Está a subir a importación de **FLORES** cortadas. Cando no outono vivimos nun mundo de cores e arrecendos, neste tempo preferimos a cor violeta das malvas que aínda poboan o contorno e ata alivian desta tose dos cambios de tempo, dunha picadura de abella ou dunha queimadura dos fogóns que xa se agradecen na casa.

7

Festa da **CASTAÑA** e do Cogomelo en Riós e tamén no Folgoso do Courel, o 3. Aínda que escasean, podemos escoitar a música da caída dos ourizo e a das noces guindadas polos corvos, moi astutos, para que os coches desfagan as cascas. En Palas, queren crear unha cooperativa para aproveitar as castañas nos montes comunais.

8

11.541 cadeiras baleiras, "Rememorando **SARAXEVO**", lembran as vítimas da guerra, 20 anos despois. Na foto, a nai chora a morte do fillo soldado. No Centro Agora da Coruña abre ata reis a exposición "Saraxevo, guerra e paz" de Gervasio Sánchez, e as Xornadas sobre xornalismo ético e ética na arte (29 de novembro), repasando conflitos de hoxe.

# Editorial

## Escrutinio en Sitio Distinto

Ven da páxina 3

berno da Xunta. Esa é unha realidade a considerar, unha realidade crecente: o país vai vello, e os vellos non deben namorarse, que apuntaba Castelao.

A marea Beiras, que namorou á xente nova, non foi abondo. A mobilización de ilusión e vontades foi enorme: unha chamada a converter a desafección da política e dos políticos en actitude positiva, en voto e mobilización organizada, en aviso a navegantes. Con todo, o logro de case un 15% de apoios e a irrupción con 9 deputados, marca un camiño, tal como apuntaba o órdago inicial de Beiras, cando propoñía, diante da situación de emerxencia nacional, unha gran coalición que incluíse a BNG, Compromiso por Galiza, Esquerda Unida e Anova.

Efectivamente, a lei D'Hont favorece a agrupación e a unidade e castiga a dispersión. As forzas que Beiras propoñía unir, sumados aos minguidos resultados do PSOE, suman máis porcentaxe de votos có PP, pero a tradución en escaños é desproporcionadamente menor.

Unha vez descontado o previsible traspaso de votos do BNG cara a AGE, a posibilidade de cambio en Galicia pasaba por saber exactamente cal chegaría a ser o nivel de fracaso que acadaría o PSOE. E o afundimento do PSOE foi brutal. Por veces dá a impresión de que é imparabile a súa marcha en dirección á nada. Catro anos despois da dimisión de Touriño, por unha derrota por certo moi axustada, o PSdeG-PSOE, foi incapaz de preparar unha alternativa renovada, de calidade. Así, chegaron a estas eleccións cun liderado amortizado, aburrido, falto de ideas e propostas, sen forza ningunha e, sobre todo, sen transmitir a máis mínima ilusión. A xuíza Lara fixo o resto: esposar ao alcalde de Ourense a un mes das eleccións e, de paso, desenmascarar as supostas prácticas corruptas –batendo marcas pouco imaxinables de desvío de fondos e subornodun tal Liñares, a man dereita do alcalde Orozco durante bastante tempo. O desastre, insistimos, estaba anunciado, faltaba cuantificalo. E os datos son teimudos: en feudos

## A posibilidade de cambio pasaba por estimar o nivel de fracaso do PSOE

tradicionalmente gobernados polo PSOE (comarcas de Santiago e A Coruña) a segunda forza non é PSOE, senón que é AGE. Con eses resultados e esa traxectoria, non se impón un cambio de raíz? Non será xa o momento de Camarillo? Non hai fondo de armario no partido?

Pola súa parte houbo quen calculou mal. A UPG quedou encantada de coñecerse a si mesma, dentro dun BNG

máis controlado ca nunca, alixeirado de pluralidades e individualismos, pero en tendencia mingunte e sen capacidade de entusiasmar. Haberá lecturas, interpretacións, reinterpretacións e relecturas. E, previsiblemente, pouca autocrítica, esa que tamén faltou despois do 2009. Autocrítica non é masoquismo, nin flaxelarse, tampouco botarlle a culpa aos demais, senón cuestionar con criterio e honestidade as propias decisións e as súas consecuencias. Non é máis nin tampouco menos. As insinuacións sobre Beiras na noite electoral non teñen moito sentido. Non fai falta esperar a ser residual, cómpre reaccionar antes. E precisamente un dos motivos de reflexión será revisar todo o proceso que desembocou na ruptura de Amio. É realmente mellor este desenlace que flexibilizar posturas a tempo e ser quen de ceder poder dentro da propia organización antes de que rompa? É realmente exitosa a longo prazo a táctica de tutelar tódolos movementos sociais e tratar de patrimonializar coas propias siglas tódalas causas xustas?



Tamén houbo un mal cálculo no nacente Compromiso por Galicia. E tamén aquí haberá argumentos e retruques, pero dificilmente se pode negar que foi un erro non reforzar a coalición ampla promovida por Beiras, precisamente, entre outras cousas, para facela máis ampla. Posiblemente o proceso era complexo e demasiado a contra-reloxio. Pero, novamente, á vista dos resultados, non resulta demasiado cara a rixidez? Non é mellor saber arriar liña a tempo para despois cobrar xuntos unha mellor peza?

En calquera caso, o momento non carece de interese. Ábrese un escenario político novo, cun parlamento posiblemente máis vivo, unha cámara que pode recobrar a representación real e a iniciativa cidadá e que, a pesar de calquera maioría absoluta, ha servir para avivecer a nosa vida política e devolver a ilusión colectiva por construírmos xuntos a Galicia que merecemos.



# O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

No mes das ánimas moita xente ten o costume de encargar misas polos defuntos da familia. Non deixa de ser bonita esta intención chea de recordo e de cariño. Mágoa que as misas sexan case sempre celebracións frías e mesmo aburridas e o encontro cos amigos e familiares ten lugar fóra, no adro, onde hai bicos, apertas, diálogo, lembranzas ...

Hai unhas semanas participei nun enterro moi bonito aínda que soe raro. De vésperas a familia xuntouse na casa e sen necesidade de crego nin responsos, rezaron xunto ao defunto, con moito amor e esperanza. O funeral foi tamén expresión de fe, notábase nos cantos, nas oracións, na xente. Os nenos e nenas, netos do finado, fixeron unhas preces saídas do corazón. E tamén houbo unha ladaíña de agradecemento feito polas fillas, por todo o ben feito por Manolo que así se chama o irmán que partiu. Grazas Manolo! Contestábase todos a cada recordo lido: "Por ser un bo compañeiro para a túa muller...Grazas Manolo!". Non parecía que houbera un morto, e abofé que nono había.



O domingo fun visitar a un amigo que teño de crego nunha aldea e andaba a apuntar misas na sancristía. Achegouse unha velliña:- Señor cura, para cando me bota unha misa?. O meu amigo con moitos anos de pastoreo e de paciencia explicoulle á velliña que as misas non se botan, senón que se celebran: "Botar, bótase o lixo, as patacas, a partida..." -Ten razón que eu non son estudada -dixo a vella- pero cando me bota a misa?. O meu amigo mirou para min rindo, abriu a axenda e apuntou: polos defuntos de Dorotea o día 15, ás sete.

Non ten maior importancia xa que forma parte do falar da xente e botar ven a ser o mesmo que facer. Con todo eu quedo con aquel "Grazas Manolo" e non cunha misa botada.

## O CARRABOXO por RUBÉN LOIS





Manuel Muñiz e Xabi Blanco, no palco da XXXV Romaxe.

*Este ano levamos a cabo a 35 Romaxe na Veiga do Olmo, en Castro Verde. A Romaxe foi posible grazas ao traballo e ilusión da asociación "Amigos do Patrimonio de Castroverde". Nesta entrevista queremos achegarnos a esta asociación: saber cando nace, e con qué finalidade, cales son as súas actividades principais, etc.*

*Para iso puxémonos en contacto co seu presidente, Manuel Muñiz.*

### Manolo cóntanos en primeiro lugar algo da túa biografía: quen es, qué fas, a qué te dedicas.

Pois, amigo Xabier, son Manolo Muñiz nado na casa de Muñiz, aldea de Vilar de Cas (Vilar das Casas ou dun señor chamado Casio), da parroquia de Moreira, concello de Castro Verde. Estudei entre Lugo e Santiago de Compostela. Fixen Filoloxía e, desde hai anos, imparto aulas de lingua e literatura galegas, xa van alá uns cantos anos; actualmente, imparto aulas no IES Gregorio Fernández de Sarria, mais á parte diso, son membro de varias asociacións, tanto de Castro

Como dicía anteriormente, a asociación xorde en novembro de 2005, aínda que viñamos remoendo na idea desde o 2002, reuníndonos e comentando o que hoxe está a pasar, o abandono do medio rural. Procurabamos volver a potenciar os lugares que nos viron nacer, esa era unha razón das máis profundas e poderosas: que os que nacemos nesta terra de Castro Verde (como o deberíamos escribir) ou os seus amigos, lle devolveramos algo. Diversas circunstancias, a pesar de que pertencía e sigo pertencendo á asociación Espalladoira, fixeron que xurdira esta asociación, Amigos

A finalidade e as actividades que desenvolvemos están nos Estatutos, que podedes atopar publicados no blog da asociación (<http://amigosdopatrimoniodecastroverde.blogspot.com.es/>) e onde calquera persoa interesada os pode ver polo miúdo. De xeito resumido, podo dicir que temos moito interese en, por exemplo, potenciar e dinamizar todo o relacionado co Camiño Primitivo e que a xente nos visite e coñeza o noso patrimonio, tanto o artístico coma o paisaxístico ou o lingüístico. Outra liña de acción é a de tratar de "facermos familia"; achegar as persoas que o Concello vencella, facendo que se coñezan e que se creen ligazóns entre elas. E, ao mesmo tempo, contactar e compartir experiencias con outras comunidades e asociacións.

### Queremos potenciar o Camiño Primitivo e dar a coñecer o noso patrimonio artístico, paisaxístico e lingüístico.

Verde, Lugo, coma ONGS, e, desde o ano 2008, tamén son Vicepresidente de Terras de Lugo, Asociación que xestiona o GDR4, e desde 2005, tiven que asumir a presidencia de Amigos do Patrimonio e, aínda me faltaría comentar que fago unhas horas semanais na CIG-Ensino.

**Fálanos agora da Asociación: cando xorde?**

do Patrimonio, querida por uns e denostada por outros, coma todo na vida.

**"Potenciar os lugares que nos viron nacer" éche unha idea bonita, desde logo, pero igual algo ampla para os que non estamos no allo. Pódesnos concretar algo máis ese obxectivo de Amigos do Patrimonio?**

**Son tres boas patas para o banco. Pero, de que madeira están feitas? Dito doutro xeito, como levades á práctica ese ideario?**

Queres dicir, actividades concretas, non é? Pois para que te fagas unha idea, levamos xa sinalados tres roteiros pola zona e temos en proxecto outros tres. Ademais difundímolos cunha publicación que chamamos: *Itinerarios polo concello de Castroverde*. O problema -coma sempre- son os cartos: que o proxecto poida





A boa xente de Castro Verde, na benvinda aos romeiros.

seguir desenvolvéndose vai depender das posibles axudas Institucionais. Por outra banda, pensando principalmente nos rapaces do noso concello, tamén organizamos actividades no CPI de Castroverde.

**E aquilo que contabas de crear lazos?**

Ah! Tamén, tamén: este ano 2012, celebramos o V Irmandamento dos Castroverde / Castro Verde da Península Ibérica. Xuntámonos para os actos en Castro Verde de Campos -Zamora-, e aló acudimos xunto cos de Castroverde de Cerrato -Valladolid- e Castro Verde da comarca-distrito de Beja – Portugal-. Pero tamén mantemos encontros anuais con asociacións de Sarria, O Corgo, Redes-Caamouco... este ano, celebramos tamén o V encontro no noso Castro Verde. E nin que dicir ten que, desde a Romaxe de Baltar, estamos tamén nas Romaxes que realiza a asociación Irimia.

**Pois xa que o nomeas, que sensacións deixou na vosa Asociación, a colaboración e a implicación que amosastes na Romaxe deste pasado setembro?**

Pensamos que foi un acto importante para a nosa Asociación e para Castro Verde. Temos que valorar e estar abertos a visións diferentes, sempre que respectemos aos demais, que penso que é o que fai Irimia. Lamento que non tivera participado máis xente do noso concello e comarca, mais foi

moi importante tanto para nós coma para os de fóra, aínda que só sexa por convivir e coñecer diferentes lugares de Galicia, coa perspectiva da nosas crenzas. Animo aos diferentes lugares de Galicia a que participen destas vivencias. As persoas que estivemos máis no allo, valoramos positivamente que se teña celebrado no noso Castro Verde esta XXXV Romaxe; o pobo en xeral, ao mellor non o valorou dabondo, porque non coñece o movemento; se cadra outros crítico porque son moi *progres*, mais dubido que esa *progresía* lles deixe estar ao lado do pobo. Eu valoro o feito de que a celebración se enraíce na zona, no concello, aínda que haxa persoas que non o entendan. Todo é mellorable e criticable, mais o que queira traballar que bote man á obra.

Tamén vos quero agradecer -aproveito- que me fixesedes partícipe desta entrevista e vou estender o agradecemento a todos os/as socios/as e, sobre todo, á Xunta Directiva de Amigos do Patrimonio, especialmente a algúns que non quero citar, mais que xa me entenden.



Roteiro Acebo-A Fonsagrada-A Póboa de Burón-Córneas

# Ás Furtadelas O concilio que reinventou a esperanza

Xabi Blanco

*Dende hai días estaba a pensar que preciso homenaxear dalgún xeito o Concilio Vaticano II agora que estamos no seu cincuentenario. Lembro que no ano 1978, na biblioteca do seminario salesiano “La Fontana” en León, atopeime cos libros de Martín Descalzo Un periodista en el Concilio. Supoño que hoxe en día será difícil de crer que un rapaciño de 15 anos se puxese a lelos, pero por moi increíble que pareza, así foi. Así que decidín estes días ir lendo de novo aqueles volumes, pero pouco a pouco, día por día. Hoxe, por exemplo, o do 7 de outubro de 1962: ¿Qué espero yo del Concilio? Atopei unha páxina en internet onde precisamente se pode facer iso que eu quería facer: ler día por día, volver saborear o entusiasmo co que o cura novo e xornalista vive aqueles días preñados de tantas ilusións, de tantas utopías e esperanzas.*

*Si, eu quero homenaxear o Concilio. Síntome fillo del. E atopei esta maneira sinxela de o facer. Por se a alguén lle pasa algo parecido, aí queda a páxina: <http://hsotto.cl.tripod.com/concilio/index.htm>. E aí vai unha mostra daqueles artigos.*



6 de outubro de 1962

J.L. Martín Descalzo

## Un xornalista no Concilio

Pois ben, xa está aquí o Concilio. Que cara de sorpresa a de todos cando hai tres anos oímos a noticia da súa convocatoria! Pero, non dixeran que Xoán XXIII era un "Papa de transición"? E velaquí que, de súpeto, nos desbordaba a todos coa idea do Concilio. Sentín dicir que alguén quixo disuadilo desta idea e díxolle:

“Pero como se atreve a súa Santidade a convocar un Concilio aos oitenta anos?”

E din que XOÁN XXIII respondeu:

“Tedes razón, si. Pero... E se espero aos noventa, quen me di que estarei ben para entón?”

Sexa verdade ou non, a cousa ten o seu aquel. E velaquí á vella Igrexa

xuvenilmente conducida polo seu ancián Pastor. Ásprésas, ás présas. Quen non diría hai tres anos que isto do Concilio non era un fermoso soño ou, cando máis, algo que se realizaría quen sabe cando? E xa está aquí, ao alcance da man. Se cadra mesmo antes do que o Papa esperaba. "Nós imos empezar a preparalo -dixo unha vez nunha audiencia a un bispo español-, xa veremos quen o inaugura. E, sobre todo, quen o termina." E xa está aquí.

Podo dicir que hai algo que me preocupa? Gustaríame ser completamente sincero neste diario. E quero dicir nestas primeiras páxinas a miña tristeza ao comprobar cantos miles de miles de católicos non se deron

Pero, non dixeran que Xoán XXIII era un "Papa de transición"?

## Máis nerviosa está a prensa de ultradereita: todo canto sexa movemento preocupalles.

conta aínda do que temos entre mans. Quen, en España, se preocupa en serio do Concilio? Case non se oe falar del nos púlpitos; a prensa deu del ata agora informacións sen o menor interese. E en Italia? E en Roma? Coñezo esta cidade, sei que os seus entusiasmos son como os do champañá. Din que o romano xa o viu todo, que nada lle impresiona. Montas nun tranvía, entras nun bar, en que se nota que o Concilio está encima? [...]

### Tiros de dereita e de esquerda

Quero recoller o interese con que a prensa italiana viu a viaxe do Papa a Loreto e Asís. Para nós é difícil imaxinar o que esta viaxe supuxo para os italianos. Eles saben que o nacemento da unidade da súa patria coincide co *roubo dos Estados Pontificios*. Aman -e como non?- os homes que fixeron a unidade e a grandeza da súa nación e saben ao mesmo tempo que eran homes excomulgados. A Conciliación era para eles unha componenda no fondo. E os Papas encerrados no Vaticano, como prisioneiros, eran unha especie de recordo constante deste "pecado orixinal" co que naceu Italia. Por iso para eles esta saída de Xoán XXIII ao que foron os seus Estados Pontificios é para o italiano moito máis que un xesto devoto ou unha anécdota curiosa. É unha especie de nova reconciliación entre a Santa Sé e Italia, unha reconciliación "viva" e non simplemente xurídica.

Hoxe os xornais vocean por iso a súa alegría desde todas as súas primeiras páxinas, con titulares a oito

columnas, dos que se usan para anunciar o estalido dunha guerra ou o florecemento dunha paz. [...] E do Concilio? A Prensa italiana non está informando demasiado polo momento, pero tamén o está facendo con dignidade. Aínda que non falten, naturalmente, os tiros de dereita e de esquerda. Esperábanse os tiros da prensa comunista, pero esperábanse moitos máis. Eloxian do Concilio o que lles gustae ignoran simplemente o que non lles convén. No Concilio -din- a Igrexa vai repensar a súa postura ante o comunismo e vai facer con el un pacto de coexistencia. O Papa Xoán é un home de pobo e con el entenderanse ben. Non ignoran que Xoán XXIII é infinitamente popular; atacalo sería un disparate aínda entre os seus lectores, católicos aínda detrás das súas adscricións ao Partido. Saben tamén que o Concilio lle gusta á xente, aínda que só sexa polo orgullíño nacional de que todos os católicos do mundo volvan a Roma, e Roma está en Italia. E se ademais o Concilio multiplica o turismo, bendito sexa o Concilio. A prensa comunista entendeuno ben. Non o atacarán nunca, limitaranse simplemente a dar unha versión humana a canto nel suceda.

Máis nerviosa está a prensa de ultradereita. Cheiran que hai cousas no aire. E todo canto sexa movemento preocupalles. O inmovilismo é o seu soño. E un Concilio... Quen deterá, quen controlará un Concilio disposto a estar vivo?

Síntoma desta postura pode ser o grotesco caso de *Il Borghese*, esa

revista que é "dogma" en certos ambientes españois e que en Italia tivo que retirar máis dunha vez a censura polas súas ofensas á moral. Agora Mario Tedeschi, o seu director, publicounos un libro titulado *Os perigos do Concilio*, no que defende estas apaixonantes teses: Que o Vaticano está practicando unha política distensiva en relación co mundo comunista. Que a Secretaría de Estado está chea de progresistas. Que a esquerda católica trata de dar vida a unha internacional cristiá estendida desde o cardeal Spellman ata Alexo VI, patriarca de Moscova.

Todo isto sería divertido se non fose tan triste. Pero aínda é máis curioso o artigo que (Mario Tedeschi) publica no último número de *Il Borghese*. Nel interpreta as últimas bombas postas no Vaticano como a protesta dun prófugo da Igrexa do Silencio, un anticomunista italiano ou francés... Unha protesta de que? Unha protesta contra o Concilio! E logo? Si, para Mario Tedeschi o Concilio Vaticano II será "o Concilio da componenda cos comunistas"!!! Con todo isto compréndese que *Il Borghese* trate de defender a Igrexa contra os perigos do Concilio. Un Concilio que, segundo tan alto opinante, non debería convocarse. Nun momento de evolución nas cuestións políticas e sociais como o actual, a Igrexa católica debería preocuparse unicamente de ter viva a chama da fe. E de que se trata máis que de ter "viva" a chama da fe? Non será que as ultradereitas preferían ter a chama da fe inmóbil, é dicir, morta?

# Internacional

Moisés Lozano Paz

## *As ELECCIONES PRESIDENCIAIS EN ESTADOS UNIDOS: entre a moderación demócrata e o radicalismo republicano*

A vindeira elección presidencial en Estados Unidos terá lugar o 6 de novembro de 2012, e dela sairá o novo Presidente, o Vicepresidente, 33 senadores e a totalidade da Cámara de Representantes, 11 gobernadores e varios lexisladores. Polo partido demócrata preséntase Barack Obama, que pode postularse á reelección presidencial por única vez. Polo partido republicano será Mitt Romney o candidato.

### **O VOTO DO POBO NORTEAMERICANO**

Segundo os analistas, o electorado demócrata (un 32%) é cada vez máis progresista e liberal. Componse sobre todo de afroamericanos e hispanos. Pola contra, o voto republicano (un 24%) é cada vez máis conservador e radicalmente neoliberal. Componse maioritariamente de brancos non hispanos, con menos mulleres e mocidade cós demócratas. Xunto a eles álzase un grupo de votantes independentes (un 38%). Estes son de varias etnias e non se identifican, en principio, con ningún dos dous grandes partidos.

Os republicanos favorecen os intereses da clase rica tradicional norteamericana. Están contra as políticas de igualdade, protección social, ecoloxía. Valoran a relixión nunha concepción puritana e moralista. Son contrarios ao estado de benestar (defenden a saúde e a educación privadas.)

Os demócratas tratan de favorecer as políticas de igualdade, de respecto ao medioambiente, á inmigración, minorías, protección social e en xeral, unha sanidade e educación públicas.

As diferenzas extrémense cada vez máis entre os dous partidos. O par-

tido demócrata evoluciona máis rapidamente ao compás do cambio demográfico e étnico, mentres que os republicanos ancoranse na identidade americana tradicional.

### **OS REPUBLICANOS, ENTRE O CONSERVADURISMO E A ULTRADEREITA**

O candidato republicano, Mitt Romney, é ex gobernador de Massachusetts e o primeiro mormón que se presenta á presidencia. Romney apenas se refire á súa relixión na campaña, en parte porque lle apartaría do seu discurso económico, pero tamén porque é consciente do rexeitamento que aínda suscitan certos postulados mormóns.

Como multimillonario e capitalista afirma: "Son consciente das dificultades que nos esperan. Pero non importan cales sexan os nosos desafíos. Nós non nos conformaremos con nada que non sexa devolver América á senda do pleno emprego e da

prosperidade". Estas palabras de Romney intentaban apartar o foco de asuntos sociais como o aborto ou o matrimonio homosexual, pero sobre todo subliñar o perfil económico da súa candidatura nun país onde a economía só despega a ritmo lento e é o que máis preocupa aos cidadáns. A súa relixión non ocupa, polo momento, o debate electoral, pero pode ser un factor de certa relevancia para os votantes católicos e evanxélicos.

Dentro dos republicanos, o *Tea Party*, a amálgama de grupos políticos e relixiosos ultraconservadores, espera alcanzar o poder nas eleccións de 2016. Intentan restaurar a honra e a vella América. Ata chegaron a organizar patrullas para enfrontar os inmigrantes que querían entrar no país. Tamén nos Estados Unidos existe unha ultradereita xenófoba e antide-mocrática.



## *A beleza das eleccións presidenciais americanas*



Os debates presidenciais nos EUA parécense máis a representacións teatrais que a espazos de discusión de propostas electorais.

Máis que os argumentos dos candidatos, o que se observa con lupa é o seu aspecto, a linguaxe corporal, os suspiros ou as risas despectivas.

Despois de todo, a batalla entre Richard Nixon e John Kennedy en 1960 perdeuse na televisión, igual que a de Jimmy Carter contra Reagan nos 80 ou Al Gore fronte a George W. Bush no 2000.

Os debates que durante o mes de outubro celebrarán o presidente Barack Obama e o candidato republicano Mitt Romney poden ser decisivos. É a última oportunidade de Romney. Se Obama aparece coma un profesor elitista, pode perder. Se Romney se enfada ou fai unha broma de mal gusto, as súas oportunidades voarán. De novo, non é cuestión de quen presenta as mellores propostas ou as

mellores ideas. O importante é o envoltorio.

De acordo coas enquisas de opinión, só un 17% dos votantes aínda está indeciso. É algo sorprendente, dada a brecha entre os dous partidos principais, sobre todo desde a viraxe dos republicanos cara a dereita. Hai ademais un factor silenciado de prexuízo racial que incluso os republicanos máis ultras tratan de ocultar: hai americanos que nunca votarán a un home negro.

Nas eleccións pasadas, cando non había realmente tanta diferenza entre os demócratas e os republicanos, a cousa tiña certo sentido. En xeral, en economía e política internacional os candidatos a miúdo estaban dacordo, cos republicanos máis a favor dos intereses dos grandes empresarios e os demócratas defendendo os traballadores. Non era fácil decidirse, así que os votantes seguían a súa intuición e votaban os candidatos que lles parecían máis comprensivos.

Desta parece que hai menos xustificación para as decisións arbitrarias. As diferenzas políticas son moi acusadas. Aínda así non podemos desbotar totalmente o papel dos debates. Despois de todo, a presidencia dos EUA é unha institución case monárquica, ademais de política. O presidente e a primeira dama son o rei e a raíña da república americana.

Non é completamente absurdo que os votantes valoren o aspecto dos seus presidentes, aparte das súas políticas. Escoller o político máis poderoso do país en base á imaxe que dá en pantalla pode parecer arbitrario, incluso frívolo. Pero non é máis arbitrario que o nacemento, que determina o dereito dos reis e raíñas a reinar nos seus países.

A diferenza é, por suposto, que a maioría dos reis e raíñas modernas son monarcas constitucionais sen poder político. Porén, o home que os votantes norteamericanos escollen terá poder sobre as vidas de todos, non só dos americanos. Como os non-americanos non poden votar (unha mágoa para Obama, que probablemente arrollaría nunha votación global), dependemos do xuízo dese 17% de votantes indecisos.

Sei que todo isto non é moi tranquilizador. Pero a república norteamericana ten un mérito do que carecen as monarquías. Bo ou malo, ao case-rei poden botalo cunha patadiña aos catro anos. E así, o concurso, parte ideolóxico, parte de beleza, pode empezar outra vez.

# O noso taboleiro

Redacción

Xa está aberto o prazo para inscrición para participar na **Feira Ecolóxica 2012**, que se levará a cabo en **Arzúa os días 17 e 18 de Novembro**.  
Para máis información:  
[info@terractiva.org](mailto:info@terractiva.org)



## IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15705-Santiago de Compostela, ou escribenos a [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es) ou [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

NOME: ..... APELIDOS: .....  
 ENDEREZO: .....  
 CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....  
 TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 €   
**QUER O SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 24 €   
 De apoio: 36 €  Subscrición anual (22 números)

**QUERO SER 60x100:** 60 €

### DOMICILIACIÓN

BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
 DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
 CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....  
 Nº de CONTA: \_ \_ \_ / \_ \_ \_ / \_ \_ \_ / \_ \_ \_

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 201\_\_.  
 Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.  
 Conta: NOVACAIXAGALICIA: 2080-0349-85-3040005822

IRIMIA



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)  
 Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81

**TIRADA:** 1.000 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez


**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

# Boa Nova



## DOMINGO 24 DE XUÑO. XIII DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

**Mc 9, 30-37**

Naquel tempo, un letrado preguntoulle: "Cal é o máis importante de todos os mandamentos". Xesús respondeulle: "O primeiro é: Escoita Israel: o Señor é o noso Deus, o Señor é único, e amarás o Señor teu Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con todo o teu entendemento e con todas as túas forzas. O segundo é: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Non hai mandamentos máis importantes ca estes". O letrado replicou: "Moi ben, Mestre, estás no certo cando dis que El é o único e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o teu corazón, con todo o entendemento e con todas as forzas, e o próximo como a un mesmo, é máis importante do que todos os sacrificios e holocaustos". Xesús, vendo que respondera con moito tino, díxolle: "Non estás lonxe do Reino de Deus". E ninguén se atreveu a lle facer máis preguntas.

A PALABRA

A CLAVE

### O amor é máis importante que todos os sacrificios e holocaustos

Os derradeiros días de Xesús en Xerusalén están cargados de cuestionamentos a respecto do modo de se relacionar con Deus e o modo de visibilizar esa relación no encontro cos demais. Os principais interlocutores das palabras do mestre en Xerusalén son os que teñen a autoridade cara a Deus e á súa lei (letrados, cregos, fariseos).

No capítulo 11 Marcos relata o acto simbólico de Xesús no tempo botando os tendeiros. Un xesto que está a denunciar a mercantilización nas relacións con Deus e a discriminación que supón que os que máis teñen, máis próximos poden estar do Señor.

O texto de hoxe sitúanos a Xesús nun diálogo cun letrado, alguén que coñecía e estudaba a lei de Deus, que lle pregunta polo mandamento máis importante. Xesús na resposta recolle dous textos da Torá, un do Deuteronomio, que recolle o comezo do "shemá Israel" (o que poderíamos chamar o credo xudeu), e outro do Levítico, situado dos capítulos nos que se describe a "lei de santidade", onde se describe todos os mandamentos que sitúan a persoa preto de Deus, da súa santidade.

Está vinculación que fai o mestre, como moi ben entendeu o letrado, pon en evidencia que non podemos estar preto do Deus en quen cremos, se non estamos vencellados polo amor cos demais. Por iso as accións nos lugares santos (sacrificios e holocaustos) no teñen valor, se antes non somos quen de descubrir que o lugar santo máis importante para atopar a Deus é o amor real e efectivo (coma a min meso/a) a toda persoa.

Deste xeito Marcos móstranos cal é o camiño para encarnar o Reino de Deus na vida e no mundo (Mc 12, 34) e o demais...pois...depende...

Carme Soto

ECO

Cada vez é máis complicado explicar o que está a acontecer. A internet abriunos a un mundo de información, púxonos na man unha morea de cousas ás que antes non teríamos acceso, pero máis información non foi sinónimo dun maior coñecemento. Sabemos moito do detalle, mais moitas das veces non percibimos o que realmente importa. Se o día a día nos demostra que o noso "smartphone", por todo o avanzado que sexa, non nos abre a un mundo de mellor comunicación nin coñecemento, nin un nin moitos bos catecismos non van facilitar unha mellor vivencia da fe.

José A. Martínez

# Falando da lingua Botamos por fóra!

Lidia e Valentina



Cando cheguen estas letras ás vosas mans, xa teredes votado e se cadra mesmo botastes as mans á cabeza. E non polo resultado, que non o sabemos neste último día de campaña, senón pola lingua escoitada aos políticos, que é o que nos (pre)ocupa neste apartado. Como nos dá o espazo para reproducir os innumerables erros, facemos unha revisión rápida:

Comezamos por unha fonética es-  
perpéntica na que hai candidatos que nos pediron que fosemos *botar*, si, así, con b- que é a única forma de pronunciar esta palabra con vogal pechada. Se quixesen dicir “votar” terían que pronunciala aberta, pero non se molestan. E menos aínda en aprender o -n- propio do galego (o velar, o que pronunciamos na gorxa), o de “unha” e acaban dicindo “una”

A sintaxe, o léxico e a morfoloxía están tan castellanizados que calquera diría que este ano se celebra o 30 aniversario da publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*. Ás pobres, nin as coñecen nin queren coñecelas, pero ademais tampouco nunca leron esta sección. Así houbo quen empezou todas as frases por pronomes átonos, rompendo de maneira descarada a estrutura da nosa lingua, o seu esqueleto: \*Me di vostede... \*Lle digo eu... E non será polo que insistimos en que os únicos pronomes que encabezan frase son os tónicos: Eu, ti, el, ela, nós, vós, eles, elas, vostede. Nunca \*me, \*lle, \*te, \*vos : Dígame vostede ! Se cadra é

parte da estratexia electoral, porque algún candidato colocou peor os pronomes nesta campaña do que o tiña feito anteriormente , da mesma maneira que tamén usou ás veces directamente o castelán Para que finxir!?

Logo está o léxico... algún non revisou o galego que mamou de neno, antes de se publicaren as Normas e de que se dese na escola, mesmo antes de que houberse eleccións... Outros aprenderon algunha palabra que se di diferente en galego e outras inventáronas. E logo aínda están os que din defender o galego máis ca ninguén e meten o castellanismo no cartel...

E a mostra máis evidentiísima de que a nosa lingua está moi lonxe de normalizarse é que non pasa nada algún chiste, algún comentario no “feisbu”.. Pensade só nun segundo en que pasaría se un candidato a presidente da comunidade madrileña, riojana ou manchega ousase falar reiteradamente **mal** nas súas intervencións públicas ou presentasen cartaces con erros?!

Éche o que hai!

## O Fachineiro da educación

### Obviedades

A UNESCO acaba de publicar o informe correspondente a este ano do programa *Educación para todos*. Alí pódese ler que “ademais de frustrar as esperanzas dos mozos, estas fallas da educación comprometen o crecemento económico equitativo e a cohesión social, e impiden a moitos países recoller os posibles froitos que achegan as súas poboacións máis novas”. Esta é unha obviedade que non está de máis lembrarlle ao noso infausto ministro de educación, ese que se apunta ao dito de gústame que se fale de min; aínda que sexa ben. Todas as necidades pronunciadas pola súa señoría pensa o fachineiro que non son



nin provocacións nin exabruptos. Simplemente a dereita é así, os representantes do mercado queren unha cidadanía uniforme, submisas, que asinta ao ditado do G8, do G20 e de todos os G que quitan e poñen gobernos que non pasaron polas urnas. Os mesmiños que fan pagar as poboacións para que uns cantos consellos de Administración poidan tomar champagne

no jacuzzi. Isto tamén é unha obviedade que vén desenvolvéndose diante dos nosos ollos dende hai moito. O malo é que non nos decatamos ata que nos tocou a nós. Para saber máis, [www.unesco.org](http://www.unesco.org).

A.Q.